



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E A UNIÓN DE FEDERACIÓNS DEPORTIVAS GALEGAS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE FORMACIÓN, ASESORAMENTO E APOIO ÁS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS GALEGAS

En Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, **D. José Ramón Lete Lasa**, secretario xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, no uso das competencias desconcentradas nos secretarios xerais dependentes da Presidencia, en virtude da disposición adicional segunda do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Doutra parte, **D. Rafael Louzán Abal**, presidente da Unión de Federacións Deportivas Galegas (UFEDEGA), con CIF G-27378272 que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 18 dos seus Estatutos e de acordo co seu nomeamento con data 15 de febreiro de 2019 .

Interveñen en nome das entidades que representan, en función dos seus respectivos cargos e en virtude das facultades que teñen conferidas,

EXPOÑEN

Primeiro.- Conforme ao establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma galega asume a competencia exclusiva na materia da promoción do deporte (artigo 27.22), correspondéndolle á Secretaría Xeral para o Deporte as competencias de elaboración, proposta e execución da política do





gobierno galego en materia de deportes, conforme ao establecido no artigo 5 do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Segundo.- A Unión de Federacións Deportivas Galegas (UFEDEGA) constitúese como unha Asociación sen ánimo de lucro, de carácter privado, ao amparo do artigo 22 da Constitución Española e da Lei Orgánica 1/2022, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación. A UFEDEGA ten como fins, entre outros, o de promover, defender e representar o deporte federado galego; defender os intereses comúns das Federacións Deportivas Galegas asociadas; establecer as estruturas administrativas ou de asistencia técnica ás Federacións Deportivas de Galicia, e exercer de canle entre elas; asesorar e colaborar coas institucións públicas e privadas de todo tipo, no referente ao deporte federado galego en xeral, e o seu desenvolvemento e mellora; propoñer cantas iniciativas sexan necesarias para unha mellor política deportiva galega.

Para o cumprimento destes fins, a UFEDEGA realiza, entre outras, actividades de asesoramento ás Federacións Deportivas Galegas; colaboración coas distintas administracións públicas competentes en materia deportiva; xuntanzas, cursos, simposios, foros, debates e encontros en relación co deporte.

Terceiro.- Que a Secretaría Xeral para o Deporte ten entre os seus obxectivos prioritarios contribuír a unha mellor especialización e formación das federacións deportivas galegas co obxectivo de garantir o cumprimento efectivo das funcións públicas que teñen atribuídas, contribuíndo como obxectivo primordial á promoción do deporte en toda a sociedade, e en particular á promoción do deporte de competición e de alto nivel en colaboración coas federacións deportivas.

En consecuencia, considérase de interese público instrumentar unha colaboración coa UFEDEGA, tendo en conta que como resultado conseguírase:





- Unha mellor especialización e formación das federacións deportivas galegas co obxectivo de garantir o cumprimento efectivo das funcións públicas que teñen atribuídas.
- Promoción do deporte en toda a sociedade, en particular en idade escolar.
- Promoción do deporte de competición e de alto nivel en colaboración coas federacións deportivas.
- Unha política activa de protección da saúde do deportista.

A UFEDEGA, dispón da análise necesaria sobre as estruturas e necesidades de asistencia técnicas ás Federacións Deportivas de Galicia, así como se constitúe no canle oficialmente recoñecido en representación da maior parte de Federacións Deportivas.

Asemade, segundo o disposto no artigo 51 da Lei do Deporte de Galicia, nas federacións intégranse os clubs, seccións deportivas, deportistas, técnicos, xuíces, árbitros e outros colectivos interesados estatutariamente establecidos, co obxectivo de promover, practicar e, en xeral, contribuír ao desenvolvemento dunha mesma modalidade ou especialidade deportiva. Deste xeito, a UFEDEGA, na súa condición de asociación das federacións deportivas de Galicia, constitúe o único canle oficialmente recoñecido con relación aos clubs deportivos galegos das distintas modalidades deportivas.

Cuarto.- É evidente pois, que a achega económica da Secretaría Xeral para o Deporte ao abeiro do presente convenio ten un carácter de interese público, de acordo co artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia, porque contribuirá a:

- unha mellor especialización e formación das federacións deportivas galegas co obxectivo de garantir o cumprimento efectivo das funcións públicas que teñen atribuídas.
- promoción do deporte en toda a sociedade.





- promoción do deporte de competición e de alto nivel en colaboración coas federacións deportivas.

Doutra banda, cómpre salientar que existe unha identidade entre os obxectivos da UFEDEGA e os que constitúen o obxecto do presente convenio.

Por todo o exposto, considérase de gran interese a colaboración das partes asinantes, non sendo posible promover a concorrência pública resultando, polo tanto, de aplicación o artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

En consecuencia, a Secretaría Xeral para o Deporte e a UFEDEGA acordan subscribir o presente convenio de colaboración con base nas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O presente Convenio é establecer para o ano 2020 as bases de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a UFEDEGA para contribuír ao financiamento dos gastos ocasionados con motivo da realización dos programas de formación, asesoramento e apoio ás Federacións Deportivas Galegas que leva a cabo a UFEDEGA.

Este convenio enmárcase dentro dos principios reitores da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia.

Segunda.- Descrición do proxecto

As actuacións que se desenvolverán en base a este Convenio de Colaboración son as seguintes:

- Asistencia xurídico laboral.
- Asistencia xurídico deportiva.





- Actuacións de comunicación e difusión dos eventos organizados polas Federacións Deportivas.
- Escola UFEDEGA (formación).
- Desenvolvemento dun grupo de traballo de estudo de situación das Federacións Deportivas Galegas, análise das sinerxias entre as diferentes Federacións deportivas, así como as especificidades tendo en conta cada modalidade deportiva.
- Creación de comisións de federacións con aspectos comúns, co obxectivo de aproveitar sinerxías.

Terceira.- Obrigas da UFEDEGA

Co fin de garantir a execución do obxecto do presente convenio, a UFEDEGA obrígase a:

- Levar a cabo, directamente ou en colaboración con outras entidades, as actuacións do convenio, debendo proceder, en consecuencia, á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios e, de ser o caso, á contratación das colaboracións externas que se precisen para o seu desenvolvemento.
- Seguir as normas sobre confidencialidade de datos, concretamente a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e as normas que a desenvolven.
- Axustarse ás normas de seguridade e de imaxe corporativa, no seu caso, establecidas na Xunta de Galicia.
- Achegar os informes e documentos que acrediten fidedignamente o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos pola Secretaría Xeral para o Deporte.





- Entregar todo o material elaborado dentro do marco deste convenio (manuais de formación, documentos técnicos dos grupos de traballo) de acordo co establecido na cláusula décima novena relativa a Dereitos de explotación e propiedade intelectual.
- Facer figurar expresamente o financiamento da Secretaría Xeral para o Deporte como promotora do proxecto na totalidade das actuacións asociadas a este Convenio.
- Ser titular e suxeito pasivo de tódalas obrigas tributarias e sociais e de calquera outra índole que se deriven da aplicación do ordenamento xurídico vixente.
- Facilitar a inspección e control dos órganos da Secretaría Xeral para o Deporte co obxecto de supervisar o cumprimento das actividades previstas no convenio e que permitan a esta a xustificación financeira perante a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e o Tribunal de Contas, así como as comprobacións previstas na lexislación do Consello de Contas.
- A UFEDEGA comprométese a xustificar ante a Secretaría Xeral para o Deporte todas as actuacións que se realicen ao abeiro do presente convenio.

Doutra banda, a UFEDEGA presentou, previamente á sinatura do presente convenio, de xeito electrónico a través do procedemento PR004A habilitado ao efecto na Sede Electrónica da Xunta de Galicia :

- o Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A acreditación de non estar incurso nas ditas prohibicións realizouse mediante declaración responsable do seu representante legal.
- o Declaración de "outras axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución (para os mesmos gastos





subvencionables), das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades”.

- Autorización á Secretaría Xeral para o Deporte para solicitar as certificacións emitidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia, que acreditan que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas. A dita autorización estará en vigor durante a vixencia do presente convenio.

Non obstante, a UFEDEGA poderá revogar expresamente dito consentimento en calquera momento.

Cuarta.- Gastos subvencionables

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2020 e a data límite de xustificación do convenio.

Con relación aos gastos xerais de funcionamento, terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes, entendendo que a relación é meramente enunciativa e non limitativa:

- a) As remuneracións do persoal da Asociación, e as súas correspondentes cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e á Facenda Pública (IRPF), incluíndose nestes o persoal administrativo, de limpeza, mantemento, conserxería ou similar.





- b) Gastos de servizos profesionais independentes, entre outros: servizos de limpeza ou mantemento externos ou similar, asesoría xurídica, xestión laboral, auditoría, protección de datos, sistema contable ou similar.
- c) Gastos de aloxamento, manutención e gastos de viaxe do persoal directivo pola asistencia a asembleas, reunións ou similares. Non poderán incluírse neste apartado os desprazamentos ordinarios á sede da Asociación.
- d) Gastos da sede da asociación: alugamento, pago de impostos, gastos de comunidade, consumos de explotación (auga, enerxía), material de oficina.
- e) Reparacións e conservación: reparacións na sede, mantemento de equipos (servizos informáticos, fotocopiadora, fax).
- f) Os gastos derivados da utilización dos vehículos e outros medios de transporte da asociación (seguros, mantemento, reparacións, combustible, peaxes, aparcadoiros...) que se imputen ao programa de gastos xerais.
- g) Comunicacóns: páxina web, teléfono, internet, fax, mensaxería.
- h) Gastos bancarios: Gastos de póliza de créditos ponte.
- i) Seguros da sede, seguros de responsabilidade civil e outros seguros necesarios para levar a cabo o obxecto deste convenio

Os custos tales como axudas de custo, viaxes, consumibles, formarán parte da xustificación da subvención, sempre que sexan imputados pola UFEDEGA á actividade subvencionada e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación.

De conformidade co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobada pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, para o contrato menor, o





beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou agás que o gasto se tivese realizado con anterioridade á solicitude da subvención.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.

Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado neste convenio.

O orzamento estimado de gasto para o desenvolvemento da actuación prevista no convenio é o seguinte:

PROXECTO	IMPORTE	DESGLOSE ESTIMADO
Asistencia xurídico laboral ás Federacións Deportivas Galegas	4.000€	400€ mes durante 10 meses
Asistencia xurídico deportiva ás Federacións Deportivas Galegas	4.000€	400€ mes durante 10 meses
Actuacións de comunicación e difusión dos eventos organizados polas Federacións Deportivas	3.000€	300€ mes durante 10 meses
Actuacións de formación: - Desenvolvemento Boque común Nivel I ensinanzas deportivas. - Formación non reglada (Formación sobre a prevención de lesións, principalmente dirixido a	10.000€	Docencia e dirección





<i>deportistas en idade escolar ...)</i>		
Gastos xerais de funcionamento	4.000€	
TOTAL	25.000€	

Quinta.- Dirección, medios humanos e materiais

A UFEDEGA, co obxecto de garantir a adecuada execución das actuacións deste convenio, comprométese a asumir a súa dirección, debendo proceder, en consecuencia á asignación de medios humanos e materiais que sexan necesarios e, no seu caso, a subcontratación dos servizos precisos para levar a cabo as actuacións establecidas no presente convenio, que en todo caso, se realizarán de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, podendo acadar o custo total da actividade proposta.

En todo caso, de acordo co artigo 43.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Secretaría Xeral para o Deporte poderá comprobar, dentro do período de prescrición, o custo e o valor de mercado das actividades subcontratadas.

No caso de cesión de datos, a entidade subcontratada cumprirá as esixencias do artigo 33 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Sexta.- Orzamento e obrigas da Secretaría Xeral para o Deporte

A Secretaría Xeral para o Deporte financiará as accións do presente convenio, ata un máximo de 25.000 EUROS (25.000 €) con cargo á partida orzamentaria **04.40.441A.481.00** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

O financiamento por parte da Secretaría Xeral para o Deporte das actuacións obxecto do convenio será compatible con outras axudas establecidas por outra





Administración Pública, organismo ou ente público ou privado, nacional ou internacional para o mesmo fin.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

O aboamento da achega antedita realizarase unha vez que se xustifique a realización das actividades descritas neste convenio.

Sétima.- Xustificación

A UFEDEGA presentará ante a Secretaría Xeral para o Deporte a xustificación da subvención. O prazo para presentar a xustificación finaliza o **31 de novembro de 2020** e se presentará a seguinte documentación xustificativa, a través do procedemento PR004A habilitado ao efecto na Sede Electrónica da Xunta de Galicia:

- Solicitud de pagamento.
- Excepcionalmente, no caso de que o solicitante revogase expresamente a autorización ao órgano xestor para que solicite de oficio os certificados de que está ao día nas súas obrigas, deberá achegar certificacións de estar ao corrente das obrigas tributarias estatais, coa Axencia Tributaria de Galicia e coa Seguridade Social.
- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, con indicación do total das actividades realizadas, resultados obtidos e os datos e incidencias máis salientables habidos na súa execución.
- Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.





- Xustificación dos gastos realizados: documento con valor orixinal ou de copia auténtica das facturas ou dos documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior emitidas dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2020 e a data límite de xustificación.
- Xustificación dos pagamentos efectuados: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento comprendido entre o 1 de xaneiro de 2020 e a data límite da xustificación. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o/a receptor/a, o/a emisor/a e o concepto do pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes así como dos entes privados. Nesta declaración, se é o caso, deberá figurar unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que tivesen financiado a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- Declaración responsable relativa á titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento, en que conste a razón social e NIF, así como o código internacional de conta bancaria (código IBAN).
- Declaración expresa do beneficiario de que as persoas ou entidades contratadas e/ou subcontratadas para as actividades subvencionadas non estean vinculadas con el, de conformidade co artigo 27.7.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento de desenvolvemento.
- No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE), documentación acreditativa da mencionada exención.





- Calquera outra documentación ou material que o beneficiario considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

En todo caso, a Secretaría Xeral para o Deporte resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto do presente convenio e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.

Oitava.- Pagamento

O aboamento da achega económica realizarase a medida que se xustifique a realización das actividades descritas neste convenio, mediante pagamentos parciais á conta da liquidación por importe non superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, de conformidade co disposto no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Adicionalmente, con carácter xeral, e previa solicitude, poderá procederse a un anticipo **de ata doce mil cincocentos euros (12.500 €)**, que serán concedidos mediante resolución motivada nas condicións establecidas no artigo 31.6 la Lei 9/2007 e nos artigos 62.2 e 63 do Decreto 11/2009. O prazo para presentar a solicitude do anticipo, rematará o **28 de setembro de 2020**.

Con referencia ao establecido no artigo 62.3 do Decreto 11/2009, cómpre establecer que quedan exonerados da constitución da garantía os beneficiarios das subvencións concedidas das que os pagamentos non superen os 18.000 euros. No caso de pagamentos anticipados e/ou pagamentos a conta o importe anterior enténdese referido á cantidade acumulada dos pagamentos realizados, de acordo co artigo 65º.4.i) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O importe conxunto dos pagamentos á conta e dos pagamentos anticipados non poderá ser superior ao 80% do importe máximo do convenio.





O importe restante pagarase unha vez xustificada e realizada a totalidade da actividade subvencionada.

Novena.- Minoración da subvención

Procederá a minoración da subvención concedida cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas ao abeiro do presente convenio teñan un custo inferior ao orzamento establecido no seu clausulado, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente do proxecto. Esta minoración da subvención implicará a perda do dereito ao cobramento parcial polo importe da mesma.

Décima.- Reintegro

Procederá o reintegro parcial ou total dos fondos percibidos no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión nos termos previstos no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, os criterios de graduacións dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar serán os seguintes:

- a O incumprimento total dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables, ou da obriga de xustificación, dará lugar á perda ao dereito ao cobro, ou no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda concedida.
- b Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización do investimento subvencionable ou da obrigación de xustificación e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificada.





- c A realización de modificacións non autorizadas no orzamento subvencionable, suporá a perda do dereito ao cobro.

Terán a consideración de infraccións leves as establecidas no artigo 54 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que poderá dar lugar ás sancións pecuniarias establecidas no artigo 59 da devandita Lei 9/2007.

As infraccións graves e moi graves en materia de subvencións, recollidas nos artigos 55 e 56 respectivamente da Lei 9/2007, poderán dar lugar ás sancións previstas no artigo 60 e 61 respectivamente.

Décimo primeira.- Notificacións

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse por medios electrónicos e, en todo caso, na condición de persoas interesadas obrigadas a recibilas por esta vía.
2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude para efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
3. As persoas interesadas, de acordo coa normativa básica, obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa administración, deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polos indicados interesados da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.





4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo segunda - Vixencia

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2020.

Décimo terceira - Comisión de seguimento

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión paritaria de seguimento da execución do convenio, formada por dous representantes da Secretaría Xeral para o Deporte e dous representantes da UFEDEGA, que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio.

Esta comisión estará presidida pola persoa titular da Secretaría Xeral para o Deporte, que terá voto de calidade, e reunirase en tódalas ocasións que se estimen oportunas.

Todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Secretaría Xeral para o Deporte.

Décimo cuarta .- Publicidade





De conformidade co previsto na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a entidade beneficiaria da axuda autoriza expresamente a inclusión e publicidade dos datos da entidade nos rexistros públicos de axudas para o seu tratamento necesario. Asemade tamén se compromete a facilitar toda a información requirida ao abeiro do artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicadas á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

As partes asinantes autorizan/consinten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do convenio.

Décimo quinta.- Resolución

O presente convenio resolverase por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan ou polo transcurso do tempo estipulado sen que se realicen os investimentos.

Así mesmo, poderase resolver por denuncia unilateral de calquera das partes previa comunicación á outra parte cun mes de antelación.





Décimo sexta.- Modificación da concesión

1.Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio polo que se regula a presente subvención.

2.Cando por circunstancias técnicas sexa imprescindible variar o contido específico dos investimentos ou os prazos recollidos no presente convenio, a persoa titular da Secretaría Xeral para o Deporte poderá acordar a modificación do convenio a instancia do beneficiario sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro do obxecto deste convenio de colaboración.
- b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros/as.
- c) Que os novos elementos e as circunstancias que motiven a modificación, de teren concorrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da axuda ou subvención.

3.O beneficiario deberá solicitar esta modificación mediante instancia dirixida á persoa titular da Secretaría Xeral para o Deporte, xunto coa documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos reflectidos no punto anterior, ata **o 28 de setembro de 2020**. De non facelo poderá implicar a perda da subvención afectada pola modificación e, no caso de que esta implique unha variación substancial do proxecto inicial, a perda total da subvención concedida.

4.O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado pola persoa titular da Secretaría Xeral para o Deporte logo da instrución do correspondente expediente ao cal se lle dará audiencia ao interesado nos termos previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





Décimo sétima .- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e a Secretaría Xeral para o Deporte.

Décimo oitava .- Interpretación

O presente convenio ten natureza administrativa, e como tal excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (artigo 6), se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Rexerase polas súas propias cláusulas, polas normas xerais do dereito administrativo e de subvencións.

A Secretaría Xeral para o Deporte ostenta a prerrogativa de interpretar, e resolver tódalas dúbidas que xurdan na súa execución, de acordo co réxime xurídico legalmente aplicable.

Todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Secretaría Xeral para o Deporte.

Décimo novena.- Dereitos de explotación e propiedade intelectual

A documentación e o material elaborado dentro do marco deste convenio deberá poñerse a disposición do público en xeral (a través da páxina web, etc.), e da entrega de copia ou exemplares á Secretaría Xeral para o Deporte.

A UFEDEGA debe garantir que obtivo, no caso de ser necesario, o permiso dos titulares dos dereitos de propiedade intelectual ou do seu representante legal, para utilizar fragmentos de textos, ilustracións, mapas, sons, vídeos, gráficos ou outros elementos incluídos na obra ou obras entregadas.





Calquera que sexa o medio de difusión, ámbalas partes comprométense a facer mención expresa do presente convenio.

Vixésima.- Normativa aplicable

O presente convenio de colaboración rexeráse por:

- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- Acordo adoptado polo consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 27 de marzo de 1991 e feito público mediante Resolución da Consellería de Economía e Facenda de data 8 de abril de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.
- Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.
- A Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno, nos seus artigos 15 e 17.
- Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

E, en proba de conformidade, asínase o presente convenio no lugar indicado no encabezamento

O secretario xeral para o Deporte

José Ramón Lete Lasa

O Presidente da UFEDEGA

Rafael Louzán Abal

